

PROGRAMACIÓN
ÁREA DE
RELIXIÓN CATÓLICA
(Educación Primaria)

ÓSCAR CALVO ANEIROS

CRA de Valdoviño

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O C.R.A. de Valdoviño agrupa 3 unitarias repartidas por 3 parroquias do concello de Valdoviño, nun entorno rural.

O colexio é un centro que imparte Educación Infantil e o 1º ciclo de Primaria, contando cunha matrícula variable en función da unitaria.

A totalidade do alumnado do centro vive no entorno inmediato do mesmo, polo tanto pertence ao ambiente rural.

Aproximadamente o 40% do alumnado asiste á clase de relixión. A formación relixiosa e moral católica pretende contribuír á formación integral do alumno, desenvolvendo especialmente a súa capacidade transcendente, facilitándolle unha proposta de sentido para a súa vida e iluminando o fundamento daqueles valores comúns que fan posible unha convivencia libre, pacífica e solidaria.

É propio da ensinanza relixiosa a súa preocupación pola calidade da educación que se imparte desde a infancia. Nesta idade tan crucial para o posterior desenvolvemento da súa personalidade, é cando o neno comeza a comprender o mundo que o rodea e a relacionarse con el. Neste proceso, que se desenvolve no seo da familia, o afectivo exerce un papel relevante e constitúese en camiño para a aprendizaxe. O sentido transcendente da vida —capacidade básica do individuo— está enraizado no máis profundo do ser, e o neno pode recoñecelo, segundo os niveis de aprendizaxe propios de cada idade, nos símbolos e signos do seu medio, nas experiencias relixiosas dos seus maiores, na cultura que se transmite na escola. Non podería existir unha formación integral se non se desenvolvesen todas as capacidades inherentes ao ser humano, entre as cales se atopa constitutivamente a capacidade transcendente. A ensinanza relixiosa pretende contribuír así á calidade da educación que preconiza a lei vixente, coa proposta e desenvolvemento dos coñecementos, valores e actitudes que conforman o currículo da ensinanza relixiosa católica.

Esta formación relixiosa e moral católica conta cunha longa tradición no sistema educativo español e, respondendo a razóns profundas da institución escolar e a dereitos humanos recoñecidos pola Constitución española, está garantida actualmente polo Acordo suscrito entre o Estado español e a Santa Sé sobre Ensinanza e Asuntos Culturais, asinado o 3 de xaneiro de 1979, no cal se establecen os principios que fan posible as garantías constitucionais.

A ensinanza relixiosa católica na Educación Primaria, parte da experiencia do neno nesta idade de 3 a 6 anos en referencia a tres grandes ámbitos: a identidade e autonomía persoal, o descubrimento do medio físico e social, e a comunicación e representación da realidade. Estes tres ámbitos de experiencia non son tratados de forma fragmentada ou independente uns doutros, senón en mutua relación e interdependencia. A experiencia relixiosa do neno medra á vez que se desenvolve a súa autonomía e identidade persoal en relación co medio.

A ensinanza relixiosa católica pretende achegar o neno ás claves principais da fe cristiá, axudalo a descubrir esta experiencia no seu medio, e a que el mesmo desenvolva as súas facultades de expresión e a que se inicie nos elementos primeiros que facilitan a comunicación con Deus. A síntese da mensaxe cristiá que se presenta no currículo fundamenta e motiva os valores e actitudes básicos, favorece os hábitos de comportamento, e contribúe tamén ao desenvolvemento de destrezas e habilidades que se exercitan nos tres ámbitos de experiencia enunciados. Para iso, este currículo vólvese dos elementos cristiáns presentes no medio do alumno, as imaxes e símbolos, a linguaxe e outros recursos que fan posible a comprensión da experiencia relixiosa axeitada a esta idade.

AS COMPETENCIAS BÁSICAS NA ÁREA DE RELIXIÓN E MORAL CATÓLICA.

A incorporación de competencias básicas ao currículo permite poñer o acento naquelas aprendizaxes que se consideran imprescindibles, desde unha formulación integradora e orientada á aplicación dos saberes adquiridos. De aí o seu carácter básico. Son aquelas competencias que debe desenvolver un neno ou unha nena ao finalizar a ensinanza obrigatoria para poder lograr a súa realización persoal, exercer a cidadanía activa, incorporarse á vida adulta de xeito satisfactorio e ser capaz de desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

Considéranse sete ámbitos diferentes nas competencias básicas:

- Competencia en comunicación lingüística

Falar e escoitar

Ler

Escribir

- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Utilizar os números e o cálculo para resolver problemas

Medir e representar o espazo

Interpretar e presentar a información (azar e probabilidade)

- Competencia de sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Comprender os procesos do mundo e situalos no espazo e no tempo

Interaccionar de forma responsable co mundo

Coñecer as súas capacidades

Motivarse para aprender

Gozar aprendendo

- Competencia dixital

Obter e xestionar información

Transmitir información

Utilizar a información

- Competencias sociais e cívicas

Relacionarse cos demais amosando empatía

Comportarse en sociedade

Utilizar o sentido crítico

- Competencia de conciencia e expresións culturais

Comprender a arte

Valorar a arte

Expresarse mediante a arte

- Competencia para aprender a aprender

Traballar en equipo

Tomar decisións

Liderar proxectos

CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE RELIXIÓN E MORAL CATÓLICA Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

A ensinanza da relixión católica na escola atense á finalidade propia desta, que é a formación plena do alumno/a mediante os sistemas propios de aprendizaxe que se concretan no currículo e o seu desenvolvemento. Contribúe á calidade da educación desde a proposta e o desenvolvemento duns coñecementos, valores e actitudes que conforman o seu propio currículo. Faino desenvolvendo especialmente a capacidade transcendente do alumno/a, facilitándolle unha proposta do sentido último para a súa vida e iluminando o fundamento daqueles valores comúns e propios desta ensinanza que fan posible unha convivencia libre, pacífica e solidaria.

As propostas da ensinanza relixiosa católica constitúen en si mesmas unha cosmovisión do mundo, da vida e do ser que fan posible a formación integral. Todo iso realízase mediante a presentación sistemática, orgánica e científica da mensaxe, da vida e da persoa de Xesucristo, presente na súa Igrexa, avalada pola Tradición e o Maxisterio da Igrexa, transmitida a través da acción educativa do mestre/a coa súa preparación científico-técnica e o seu testemuño cristián.

Á vez, as achegas desta ensinanza fan posible, como oferta libre, un xeito de ser e de vivir no mundo, de tal xeito que os principios, os valores e as actitudes que xeran os elementos básicos do cristianismo axúdanlle ao alumno a situarse lucidamente ante a tradición cultural e, polo tanto, a inserirse criticamente na sociedade.

Con todo, as competencias básicas, como son as interpersoais, interculturais, sociais e cívicas e a comunicación lingüística adquiren nesta área elementos básicos para a súa adquisición ao longo da ensinanza obrigatoria.

No que se refire á Educación Primaria, etapa na que o neno/a comeza a ter conciencia reflexa das súas propias accións percibíndose cada vez máis como individuo, o alumno/a enfróntase por primeira vez á urxente necesidade de realizar o descubrimento da súa propia identidade. Este proceso está moi condicionado polos modelos culturais que os adultos encarnan, modelos que inflúen na vida cotiá dos nenos, nos seus xogos e nas súas accións creativas.

Precisamente unha das funcións desta área é a presentación dos modelos cristiáns de identificación. Estes atópanse nas figuras bíblicas máis destacadas da historia da salvación, nas accións e nas vivencias da comunidade cristiá e sobre todo na persoa, na vida e na palabra de Xesucristo.

A súa inseguridade, propia dunha idade temperá, está demandando modelos de vida auténticos no proceso de maduración da súa personalidade. A ensinanza relixiosa católica vai insistir na proposta explícita da persoa de Xesucristo, os principios que de El dimanan, os valores que xera e as actitudes que brotan co fin de que os alumnos reflexionen seriamente acerca da conduta persoal e social.

Iso esixe unha información sólida sobre o feito relixioso e, en concreto, en canto a esta materia compete, unha exhaustiva presentación do feito relixioso conformado na relixión católica.

A formación relixiosa desenvólvese na escola nun diálogo auténtico coa realidade cultural, informando sobre a relación e o influxo mutuo entre a cultura occidental e o feito relixioso cristián; xulgando e criticando esa cultura -composta por ideas, principios, valores, modos de vida- á luz do Evanxeo, que na súa perenne actualidade ilumina o máis profundo do ser humano e proxecta unha libre e crítica postura ante a cultura emerxente.

Aínda que a ensinanza relixiosa está presente e axuda á conformación das competencias fixadas nos Reais Decretos das ensinanzas mínimas, tendo en conta que as competencias básicas son aquelas que sustentan a realización persoal, a inclusión social e a cidadanía activa, algunhas delas teñen unha especial relación coa acción educativa da relixión católica, e ata podería afirmarse que outras, se se prescinde da realidade relixiosa, carecerían de elementos importantes para a súa adquisición e

desenvolvemento. Entre outras propóñense as seguintes:

Competencia en comunicación lingüística.

A ensinanza relixiosa católica achega elementos básicos en canto ao logro da competencia en comunicación lingüística pois sérvese da linguaxe académica, daquelas linguaxes que conforman a cultura que se transmite na área de relixión, así como das linguaxes da propia ensinanza relixiosa.

O diálogo da fe coa cultura contribúe á competencia en *comunicación lingüística*, na medida en que esixe exercitarse na escoita da palabra de Deus, a exposición dos seus contidos e aplicación á cultura e ás distintas formas de vida social, así como á argumentación adecuada a esta idade e sempre presente na ensinanza relixiosa.

Por outra banda, é propio da ensinanza relixiosa católica a utilización dos diversos modos de comunicación que a acción de Deus sobre o home utilizou. A súa revelación é rica en distintas linguaxes. Así, a linguaxe bíblica e a súa riqueza de expresión e simboloxía, a linguaxe doutrinal e a súa precisión conceptual, analítica e argumental, a linguaxe litúrxica e a súa proximidade á linguaxe dos símbolos do pobo cristián, a linguaxe, en fin, testemuñal que fai posible a transmisión vital do credo.

Todo iso é imprescindible para a comprensión da linguaxe en todas as linguas da cultura occidental. A ensinanza relixiosa fai posible unha verdadeira comunicación lingüística, ao utilizar as distintas linguaxes na súa expresión verbal ou escrita, explícitos e implícitos en fontes diversas. Finalmente, a análise de feitos sociais que se presentan na clase de relixión, como elementos motivadores da realidade evanxélica, posibilitan o enriquecemento do vocabulario.

Competencias sociais e cívicas.

Con relación ás competencias sociais e cívicas onde se integran elementos esenciais para a humanización, persoais, interpersoais e interculturais e recollen todas as formas de comportamento que preparan as persoas para participar dun xeito eficaz e construtivo na vida social e profesional. A ensinanza relixiosa católica expón, fundamenta e xerarquiza os valores e as virtudes que contribúen a educar a dimensión moral e social da personalidade do alumno/a, en orde a facer posible a maduración na corresponsabilidade, o exercicio da solidariedade, da cooperación, da liberdade, da xustiza e da caridade. Todo iso, como expresión coherente do coñecemento de Deus revelado en Xesucristo.

Trátase do ser persoal en coherencia coas conviccións propias libremente asumidas; é dicir, aprender a ser motivando e recreando o verdadeiramente humano na formación plena do alumno. Neste sentido, o desenvolvemento do ser enteiro do home, das capacidades da súa mente e do seu corazón, das potencialidades que o configuran e que desbordan as expectativas puramente materiais e funcionais, fundamentan e dan sentido á acción social e cívica do alumno/a. A ensinanza relixiosa neste labor incide substancialmente no descubrimento e no desenvolvemento da verdadeira humanización, capaz de facelo competente na acción social.

Con iso estamos fundamentando un dos valores básicos, a súa dignidade como ser humano, como fillo de Deus. O alumno/a necesita, xa nestas idades, especialmente motivacións para amar, para construír a personalidade máis humana, para ilusionarse en proxectos de vida altruísta e desinteresada. O testemuño de homes e de mulleres santos en toda a historia constitúe un referente continuo para a autoasimilación dos valores máis xenuinamente cristiáns. Desta forma a ensinanza

relixiosa educa na iniciativa persoal e autónoma dos alumnos polo ben e a verdade.

En consecuencia, contribúese directamente á dimensión moral da persoa favorecendo que os alumnos e as alumnas recoñezan a raíz do seu propio ser e os seus mesmos comportamentos. Iso leva a mellorar as relacións interpersoais baseadas en principios e valores que emanan da persoa de Cristo e axuda en consecuencia a afrontar as situacións de conflito mediante o diálogo, o perdón e a misericordia, valores xenuinamente cristiáns.

No máis profundo do ser cristián xorde o gran valor da fraternidade universal. De aí que as mínimas esixencias éticas de convivencia, participación, coñecemento da diversidade e das situacións de discriminación e inxustiza, estean fundamentadas e sexan consecuencias da fe cristiá. Os valores do respecto, cooperación, solidariedade, xustiza, non-violencia, compromiso e participación teñen a súa fundamentación e as referencias cristiás na filiación polo amor de Deus, o amor, a fraternidade, a xustiza, a misericordia, o perdón, a doazón de si mesmo, a entrega total a favor dos pobres.

Competencia de conciencia e expresións culturais.

A contribución á competencia de conciencia e expresións culturais relaciónase cos seus aspectos de coñecemento e valoración de toda a expresión artística, plástica, histórica, simbólica, lingüística, de costumes, ritos, festas, valores e modos de vida impregnados de cristianismo desde a súa orixe e o seu desenvolvemento actual, como manifestación do feito relixioso. O alumno non só o vai coñecer, senón que poderá comprender e asumir os valores que leva o coñecemento do feito relixioso na súa expresión artística, cultural e estética, teolóxica e vivencial.

A cultura e a historia europea occidental, e a propia historia e cultura española, non poden ser comprendidas e asumidas se se prescinde do feito relixioso presente sempre na historia cultural dos pobos. É coñecido por todos que a maduración da personalidade humana realízase dentro da tradición cultural onde crece e se sustenta. Esta maduración realízase nun mundo cada vez máis complexo e de maior contraste cultural e de presenza, respecto e diálogo de culturas.

A Relixión e Moral Católica presenta o acontecemento cristián en diálogo coa cultura, incorporando organicamente o saber da fe no conxunto dos demais saberes. Con iso o alumno/a adquire unha valoración crítica da cultura á luz do evanxeo, motivando ao mesmo tempo o aprecio da propia cultura e a estima adecuada doutras tradicións culturais e relixiosas. No currículo de relixión católica están presentes tamén os elementos esenciais que definen as demais grandes relixións.

A ensinanza relixiosa católica non só achega á competencia cultural e artística uns coñecementos da arte e cultura con referencia relixiosa e unhas destrezas, senón tamén o sentido e a profundidade da súa presenza que remite a un xeito concreto de ver a vida, de expresala e de vivir desde a achega cristiá á cultura. Con iso contribúe tamén á conservación e a valoración do patrimonio cultural.

Competencia de aprender a aprender.

A Relixión Católica contribúe igualmente ao desenvolvemento da competencia de aprender a aprender, fomentando as capacidades a través da educación, o impulso do traballo en equipo, a síntese da información e a opinión.

Así mesmo, a ensinanza relixiosa axúdalles aos alumnos a ser protagonistas da súa propia aprendizaxe, como resposta á vontade de Deus de que o ser humano colabore activa e libremente co plan por El establecido. Por iso, aprender a aprender leva non só unha proposta consensuada de sentimentos, valores e actitudes, senón un marco de referencia aceptado voluntariamente segundo as súas conviccións, que debe ser crisol na busca da verdade e do ben

Competencia de sentido de iniciativa e espírito emprendedor

A ensinanza relixiosa católica impártese no campo específico da escola, no que o obxectivo irrenunciable é formar a persoa desde dentro, liberala de todo o que lle impide vivir libremente leva a súa efectiva referencia a unha determinada visión do home e ao seu sentido último, para afirmalo, negalo ou prescindir del.

É finalidade fundamental do quefacer da escola que os alumnos descubran a súa identidade persoal, pero isto non será posible sen unha apertura ao significado último e global da súa existencia humana. A autonomía e a iniciativa persoal non poderá realizarse no alumno/a se non comeza xa a adestrarse no coñecemento de sí mesmo, no seu ser máis profundo, nas súas potencialidades, na súa dignidade e no seu sentido. A formación relixiosa católica achega deste xeito unha cosmovisión que fai posible a apertura cara ao fundamento e o sentido último da vida e, polo tanto, ao sentido da ciencia, da cultura e da identidade mesma da persoa humana.

A ensinanza relixiosa católica non se reduce a unha ensinanza de valores; diríxese á persoa concreta nas súas raíces, nas súas posibilidades humanas de acción e de servizo e, sobre todo, diríxese ao ser humano na súa finalidade transcendente. Todo iso leva o ofrecemento do Evanxeo de salvación de Xesucristo, para que, unha vez coñecido, xurda a humanidade nova feita de homes novos conforme ao designio de Deus. Por iso a ensinanza debe propoñer a Xesucristo como camiño que nos conduce á verdade e á vida e debe facerse desde a convicción profunda que procede da Igrexa que confesa, celebra e vive a fe en Xesucristo e, en consecuencia, mediante a forma propia e máis coherente de transmitir esa fe da Igrexa: o testemuño.

Na contribución ao desenvolvemento persoal do alumno/a, a relixión é xeradora de valores e de integración social. A relixión colabora nesta competencia entregándolle ao alumno as virtualidades necesarias para crear as disposicións e actitudes que favorecen a inserción social. A autonomía do individuo cristián vén precisamente favorecida pola apertura a unha visión totalizante do mundo e da realidade, unha cosmovisión que fai posible a formación integral do alumno/a fronte a visións parciais e determinantes da liberdade propia.

Desde os procedementos da área favorécese esta competencia básica desenvolvendo iniciativas e atende especialmente a que os alumnos e alumnas constrúan un xuízo moral baseado nos principios, valores e actitudes que xera o mesmo evanxeo.

A Relixión Católica contribúe ao desenvolvemento da competencia a través da Doutrina Social da Igrexa, iluminando as respostas e as solucións aos problemas que xorden na interacción do ser humano co medio e con si mesmo. Tamén contribúe á valoración ética do uso da ciencia e da tecnoloxía.

Á vez apoia e dálles sentido ás habilidades e ás destrezas relacionadas coa ecoloxía que se adquiren desde esta competencia. O cristián entende a natureza como creación de Deus, polo que a valora e a fomenta.

Todas as achegas ás distintas competencias poden ser agrupadas e definidas **en canto á contribución relixiosa** como un desenvolvemento da capacidade transcendente da persoa, é dicir a súa contribución espiritual e relixiosa. Iso capacítao para lle dar sentido á súa vida. Con este obxectivo, conforman a capacidade transcendente:

A apertura da razón á busca da verdade na superación de todo itinerario racional redutor, a capacidade de deixarnos confrontar e interpelar pola chamada á liberdade e á felicidade verdadeira, o empeño no diálogo da fe e a razón, da fe e da cultura, a atención á capacidade innata para dinamizar a intelixencia e chamar á razón humana á procura de “algo máis”, da identidade propia do ser humano, a capacidade de ser e estar xunto aos outros desde a fraternidade, o amor e a

misericordia, a ansia de infinito, o anhelado de Deus e a planificación do ser na vida eterna... son, entre outros, obxectivos e elementos fundamentais no desenvolvemento das competencias antes descritas.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

A área de Relixión contribúe a expresar as ideas con rigor, orde e a aprender a argumentar os diferentes contidos de dito ensino, estimando e enxuzando a lóxica de dita argumentación. O desenvolvemento do ensino da relixión axuda a adquirir a competencia da busca da verdade a través da razón e do razoamento hipotético-deductivo.

As tarefas da área de relixión inclúen a expresión dos séculos cos números romanos, así como o uso dos números para as citas bíblicas.

Inclúese coñecer o simbolismo dos números no contexto relixioso, bíblico e teolóxico.

Competencia dixital.

A área de Relixión integra a utilización das TIC para informar, aprender e comunicarse. O alumnado busca, obtén e analiza información sobre a realidade relixiosa, procesaa, comunicaa e trasformaa en coñecemento. Tamén promove a adquisición de diferentes procedementos para a comprensión da información provinte de diferentes códigos, linguaxes e formatos.

O uso das TIC na área de relixión é un instrumento de traballo intelectual, que transmite e xenera información e coñecemento, vese facilitada pola interrelación entre grupos que permiten este intercambio. O uso das TIC e as súas linguaxes vese reforzado pola súa aplicación nos diversos contidos da área de relixión. Este proceso que ten lugar na área facilita valorar, avaliar e contrastar o adquirido, xenerando e aportando á persoa autonomía, sentido crítico e reflexivo á hora de tratar e usar a información responsablemente.

A área de relixión contribúe a esta competencia no estudio da Xeografía bíblica ou información cartográfica ou lectura de mapas, interpretación de gráficas, observación, uso de fontes históricas..., así como o uso das TIC para elaborar mapas, gráficos, etc. e a resolución de diferentes tarefas ligadas ao traballo habitual na clase de relixión.

A clase de relixión contribúe á alfabetización dixital (uso do ordenador, Internet, blogs, páxinas web, documentos, imaxes, etc.).

As competencias específicas na área de relixión e moral católica.

A ensinanza relixiosa católica estrutúrase a partir de catro dimensións que fundamentan as competencias específicas da ensinanza relixiosa católica: A dimensión cultural e histórica, a dimensión humanizadora, a dimensión ético-moral e a dimensión epistemolóxica. Estas dimensións aportan, á súa vez, elementos con referencia ás competencias básicas e orientan e clarifican as competencias e capacidades específicas da área de relixión católica.

A dimensión cultural e histórica está presente na ensinanza relixiosa, dado que o patrimonio cultural, histórico e antropolóxico-axiolóxico que gran parte das sociedades reciben do pasado está vertebrado por contidos relixiosos. Neste sentido, a Relixión católica deu os seus froitos no arte, nos sistemas de significación moral, na creación popular e na acción social.

O alumno non só vai coñecer, senón que poderá comprender e asumir os valores que conleva o coñecemento do feito relixioso na súa expresión artística, cultural e estética, teolóxica e vivencial.

A dimensión ético-moral explicita as exixencias morais que conleva a mensaxe cristiá. Na relixión católica ofrécese un determinado xeito de ver a vida, tendo na súa base o concepto de home, un núcleo referencial de ideas e crenzas, e a proposta dunha escala de principios e valores. A ensinanza relixiosa católica expón, fundamenta e xerarquiza os valores e virtudes capaces de educar a dimensión moral e social da personalidade do alumno, en orde a facer posible a maduración na responsabilidade, o exercicio da solidariedade e da caridade. Todo elo fundamentado na Palabra e nos feitos de Xesucristo.

Con elo estamos fundamentando un dos valores básicos, a súa dignidade como ser humano, como fillo de Deus. O sistema educativo non pode ter como obxectivo reproducir sen máis o modelo de sociedade existente. Haberá de dispor aos seus alumnos para que podan abordar críticamente esa sociedade e intervir nela para cambiala ou modificala.

Para elo, a dimensión humanizadora faculta ao alumno para dar resposta aos seus interrogantes máis radicais, facendo á vez posible a formación de homes e mulleres conscientes, críticos, libres e creadores.

O alumno necesita, xa nestas idades, especialmente motivacións para amar, para construír a personalidade máis humana, para ilusionarse en proxectos de vida altruista e desinteresada. O testemuño de homes e mulleres santos en toda a historia constitúe un referente continuo para a autoasimilación dos valores máis xenuinamente cristiáns.

É importante no proceso da formación integral a orientación hacia un significado último e total da existencia humana, facilitando o desenvolvemento da súa identidade persoal, finalidade fundamental do quefacer escolar.

A dimensión epistemolóxica preséntase no ámbito escolar, na súa estrutura disciplinar, co carácter científico co que se abordan as ciencias da relixión e a teoloxía. Os seus contidos son saberes cunha fundamentación e unha metodoloxía científica propia, implantados con rigor e tradición no noso entorno cultural. O seu estatuto epistemolóxico orixinal entra no ámbito educativo en confrontación e diálogo con aqueles outros tipos de saberes e racionalidade que operan na escola.

A síntese teolóxica é unha dimensión básica e, á vez, o obxectivo xeral que irá desenvolvéndose e aplicándose en cada unha das etapas e cursos con referencia a cada un dos núcleos temáticos que

conforman a síntese teolóxica: O fenómeno relixioso, a cultura e a historia da relixión, a Biblia, Deus Pai, Xesucristo, O Espírito Santo, a Igrexa, os sacramentos, a liturxia, a vida cristiá, a moral e os valores, a Virxe María, a escatoloxía.

A partir destas dimensións concretamos e desenvolvemos as competencias específicas da materia de relixión e moral católica: a competencia cultural e histórica, a competencia humanizadora, a competencia ético-moral e a competencia epistemolóxica e a competencia de sentido trascendente, contribuindo, á vez, ás competencias básicas comúns a todas as materias do currículo dos alumnos.

DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS DA ÁREA DE EDUCACIÓN RELIXIÓN E MORAL CATÓLICA

Comunicación lingüística

- Comprender a linguaxe bíblica de relatos do Antigo e do Novo Testamento.
- Interpretar a linguaxe simbólica das parábolas e dos feitos de Xesús.
- Valorar a linguaxe testemuñal.
- Comprender a linguaxe litúrxica
- Comprender a linguaxe doutrinal.
- Enriquecer o propio vocabulario.
- Coñecer e valorar a linguaxe argumental, litúrxica e simbólica relacionada con ano litúrxico.
- Enriquecer o propio vocabulario.

Sociais e cívicas

- Asumir o valor da pertenza a un colectivo.
- Coñecer e respectar crenzas e expresións de fe distintas á propia.
- Procurar o ben e a felicidade do próximo.
- Construír unha personalidade humana baseada na gratitude, na confianza, no amor aos demais, na caridade, na participación, na non-violencia, no perdón, na xustiza, na solidariedade, na doazón dun mesmo e na alegría.
- Mellorar as relacións interpersoais.
- Identificar as mostras de cariño e amor cara aos demais.
- Discriminar actitudes de solidariedade e entrega aos demais das que non o son.
- Valorar e admirar o testemuño de persoas que poñen a súa vida ao servizo dos demais.
- Ilusionarse en proxectos de vida altruísta e desinteresada.
- Valorar e asumir a mensaxe de Xesús sobre a igualdade e a fraternidade universal.
- Admirar e valorar o testemuño dos cristiáns comprometidos coa sociedade e as necesidades humanas.
- Coñecer o testemuño dos cristiáns e sentirse invitado a seguilo.
- Coñecer algúns dereitos humanos, relacionalos coa mensaxe cristiá e respectalos.

Conciencia e expresións culturais

- Comprender o valor do feito relixioso na súa expresión artística.
- Coñecer e valorar obras de arte de contido relixioso.
- Aprender a interpretar a simboloxía en obras de arte de contido relixioso.
- Coñecer, cantar e comentar a mensaxe de cancións de contido relixioso.
- Coñecer a estrutura da Biblia, valorala e respectala como libro sacro.
- Aprender a manexar a Biblia para buscar unha cita.
- Coñecer e respectar os fundadores, as crenzas, os ritos, os templos e os libros das grandes relixións.
- Comprender e asumir valores do feito relixioso na súa expresión teolóxica e universal.
- Coñecer o sentido e a profundidade da contribución cristiá á cultura.
- Conservar e valorar o patrimonio cultural.
- Elaborar uns traballos manuais relacionados co ano litúrxico.

Aprender a aprender

- Completar fichas de observación sistemática de obras de arte.
- Ler, completar e interpretar esquemas conceptuais.
- Buscar, sintetizar, organizar e relacionar información e opinión.
- Buscar o ben e a verdade.
- Chegar a deducións.
- Traballar en equipo para confeccionar carteis, murais, busca de información, obras de teatro, manualidades...

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

- Descubrir a súa identidade persoal.
- Formarse desde dentro.
- Reflexionar sobre os propios sentimentos e actitudes.
- Construír un xuízo moral baseado en principios, valores e actitudes evanxélicos.
- Liberarse de obstáculos que lle impiden vivir libremente.
- Aprender a vivir o perdón como resorte para ser feliz.
- Reflexionar sobre o amor e a confianza.
- Organizar e participar en campañas solidarias.
- Abrirse ao sentido da vida.
- Valorar a beleza da natureza como obra creada por Deus.
- Identificar elementos do mundo natural que adquiren significado simbólico relixioso.

Matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

- Contribuir a expresar as ideas con rigor, orde e a aprender a argumentar.
- Adquirir a competencia da busca da verdade a través da razón e do razoamento hipotético-deductivo.
- Coñecer o simbolismo dos números no contexto relixioso, bíblico e teolóxico.
- Usar os números para localizar citas bíblicas e os números romanos para os séculos.

Dixital

- Buscar, obter e analizar información sobre a realidade relixiosa.
- Procesar, comunicar e transformar a información en coñecemento relixioso.
- Promover a adquisición de diferentes procedementos para a comprensión da información provinte de diferentes códigos, linguaxes e formatos.
- Contribuir á alfabetización dixital (uso do ordenador, Internet, blogs, páxinas web, documentos, imaxes, etc.).
- Navegar por internet por contidos específicos a área de relixión, tanto curriculares como do ámbito social, históricos e actuais, para buscar información, facela súa e transformala en coñecemento.
- Resolver actividades interactivas propias da área de Relixión para xogar co que se aprende.
- Uso parcial ou total das TIC, recursos online en Internet ou bien off line en CD ou DVD para realizar traballos individuais ou en grupo na clase de Relixión co uso dos equipos informáticos ou a pizarra dixital ou outros medios tecnolóxicos.

OBXECTIVOS XERAIS DA ÁREA DE RELIXIÓN NA EDUCACIÓN PRIMARIA.

Ao finalizar a Educación Primaria preténdese que o/a alumno/a sexa capaz de:

1. Coñecer, apreciar e respectar o patrimonio cultural-relixioso como expresión da fe católica.

(Competencia cultural e histórica, Competencia para a comunicación lingüística)

2. Comprender e valorar o sentido sagrado, festivo, cultural e celebrativo das festas e os seus ritos especialmente na liturxia da Igrexa.

(Competencia cultural e histórica, Competencia para a comunicación lingüística)

3. Coñecer e manexar a Biblia recoñecendo a súa estrutura de forma básica. Identificar o sentido dalgúns textos básicos como Palabra de Deus.

(Competencia cultural e histórica, Competencia para a comunicación lingüística, aprender a aprender)

4. Comprender a relación intrínseca entre os valores básicos do ser humano e a acción creadora de Deus Pai.

(Competencia humanizadora, Competencia social y cívica, aprender a aprender)

5. Valorar a novidade do amor de Deus que nos salva do pecado e da morte, polo seu Fillo Xesucristo, apreciando a acción salvífica da Igrexa, Corpo de Cristo.

(Competencia sobre o sentido trascendente, Competencia humanizadora)

6. Identificar o significado dalgúns textos básicos da mensaxe cristiá, que faciliten a comprensión da acción do Espírito Santo na Igrexa e no mundo.

(Competencia lingüística, humanizadora, aprender a aprender)

7. Descubrir en Xesucristo camiño, verdade e vida, o fundamento para un estilo de vida cristiá.

(Competencia humanizadora, social e cívica, Competencia de sentido trascendente)

8. Identificar a Igrexa nas súas manifestacións, recoñecer a presenza de Deus e a súa gracia nos sacramentos, e o servizo eclesial prestado polos apóstolos e os seus sucesores.

(Competencia social e cívica, sentido trascendente, humanizadora)

9. Recoñecer os valores cristiáns xa presentes nas figuras bíblicas máis destacadas da historia da Salvación.

(Competencia ético-social, humanizadora)

10. Valorar a relación entre a fe e o comportamento cristián, coñecendo as raíces e o sentido da acción e do compromiso cristián.

(Competencia humanizadora, ético-social, sentido trascendente)

11. Descubrir a relación entre o destino eterno do home e a realidade temporal na que está vivindo, apreciando a victoria de Cristo sobre a morte.

(Sentido trascendente, aprender a aprender)

12. Descubrir e apreciar a síntese dos elementos básicos da fe cristiá presentes no Credo da Igrexa.

(Competencia epistemolóxica, sentido trascendente, aprender a aprender)

OBXECTIVOS DE 1º E 2º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

- Identificar algunhas manifestacións relixiosas comprendendo que forman parte da mensaxe cristiá.
- Relacionar as súas experiencias das festas do Nadal, Semana Santa e da Pascua e as peculiaridades da súa zona ou entorno có nacemento, morte e resurrección de Xesús.
- Mostrar interese polas persoas de Xesús e María e iniciarse no coñecemento dalgunhas escenas do evanxeo.
- Decatarse da existencia de distintos grupos sociais e apreciar a Igrexa como parte da familia dos amigos de Xesús.
- Desenvolve-la capacidade de admiración e agradecemento a Deus partindo da natureza creada e de certas experiencias da vida.
- Admirar a natureza e o propio corpo, valoralas súas funcións e recoñecer a súa gratuidade como regalos feitos por Deus.
- Aprender a valorarse polo que é un mesmo.
- Aprender a convivir cós compañeiros e apreciar a importancia de compartir e ser solidarios con todos, especialmente con aqueles que máis o necesitan.
- Descubrir o sentido cristián dalgunhas expresións artísticas e culturais da súa comunidade autónoma.

CONTIDOS DE 1º E 2º NIVEL DE PRIMARIA.

1. NA VIDA DO HOME E NA NATUREZA.

CONCEPTUAIS.

- Acontecementos da vida humana nos que participa o neno: festas, celebracións, bautizos, vodas, enfermidades.
- Expresións e manifestacións con compoñentes relixiosos que o neno poida captar na súa vivencia familiar: o domingo, o templo, oracións, comportamentos,...
- Elementos plásticos relixiosos presentes na súa casa e na escola: imaxes de Xesús e de María, medallas, cadros, fotografías,...
- Feitos significativos da relación entre o home e natureza. Experiencias do neno relacionadas co seu propio corpo.
- Na natureza e nas cousas podemos descubrir a Deus.

PROCEDEMENTAIS.

- Localización e descrición de elementos relixiosos e da natureza que estén no seu entorno.
- Expresión, por medio de diferentes linguaxes, de realidades non tanxibles na súa experiencia cotiáns.
- Reflexión como somos.
- Traballo en grupo para descubrir as posibilidades de relación cos demais.

ACTITUDINAIS.

- Actitude de interese cara ao que nos rodea e ós símbolos mediante os que o home se expresa.
- Valorar a relixión como expresión de relación con Deus.
- Actitude de admiración e agradecemento pola vida e a natureza.
- A dignidade da persoa como valor fundamental.

- Actitude de tolerancia coas limitacións alleas e valoración das calidades positivas.
- Actitude de respecto cara o seu propio corpo.
- Valor dos sentimentos propios e alleos.
- Valor da natureza como signo da presenza e acción de Deus.

2. NA HISTORIA DO POBO DE DEUS

CONCEPTUAIS

- Deus está cerca dos homes: é o noso Pai, creounos, somos os seus fillos.
- Personaxes evanxélicos que poidan chegar o neno con máis facilidade mediante cancións, contos populares galegos...
- Xesús é o centro dos evanxeos.
- Importancia dos evanxeos e da mensaxe de Xesús para os cristiáns.

PROCEDEMENTAIS.

- Observación de expresións, frases de carácter relixioso, que estén ao alcance do neno.
- Reconstrución de paisaxes bíblicos mediante recursos de expresión plástica e dramática.
- Lectura e comentario de relatos evanxeos.

ACTITUDINAIS.

- Actitude de admiración cara a Xesús e María.
- Actitude de agradecemento a Deus.
- Actitude de curiosidade cara aos evanxeos e interese por coñecerlos.
- Valor da mensaxe de Xesús como boa nova para a humanidade.

3. EN XESUCRISTO, O SEÑOR.

CONCEPTUAIS.

- Situacións na que o neno escoita falar de Xesús. Feitos significativos da infancia de Xesús: nacemento, epifanía. Relatos sobre a paixón, morte e resurrección de Xesús. Outros personaxes do evanxeo: María, Xosé, os apóstolos e outros amigos de Xesús.
- Relatos evanxeos nos que Xesús fala de Deus como Pai.
- Deus acércase o home e manifestase por medio de Xesús .
- Deus ama a todos por igual Xesús é a persoa máis importante para os cristiáns.

PROCEDEMENTAIS.

- Localización e descrición de elementos relixiosos da comunidade galega. Determinar a súa función.
- Expresión das realidades non tanxibles que están presentes na súa experiencia cotiáns. Iniciación no valor das realidades descubertas e a súa experiencia coas diferentes linguaxes: cancións, oracións, mímica...

ACTITUDINAIS.

- A gratitude como valor de acción humana pois manifesta e recorda a gratitude da acción divina.
- Valor da relación con Deus.

- Actitude de admiración cara á persoaledicia de Xesús e de ledica pola acción de Deus a favor dos homes.
- Actitude de atención e escoita cara o que Xesús ensina sobre Deus e sobre a relación cos demais.

4. NA COMUNIDADE CRISTIÁ, NA ORACIÓN E NO CULTO.

CONCEPTUAIS.

- Expresións e manifestacións relixiosas que o neno poida captar nos medios de comunicación, nos edificios, nas celebracións, nas liturxias da súa comunidade.
- Narracións evanxélicas nas que se mostra que Xesús congrega en torno a si aos seus discípulos.
- Xesús envía o Espírito Santo. Xesús reúne ós cristiás nunha gran familia. Os cristiás reúnen en torno a Xesús para celebra-la Eucaristía. Manifestacións relixiosas achegadas o neno: domingo, festas do ano litúrxico, festas populares galegas. Experiencias relacionadas co Nadal, Semana Santa, Pascua.

PROCEDEMENTAIS.

- Identificación de expresións grupais e comunitarias.
- Observación e reconstrución de datos da experiencia de neno con referencia os sacramentos e a liturxia.
- Identificación de costumes e obxectos litúrxicos máis usuais e dalgunhas oracións cristiás na comunidade galega.

ACTITUDINAIS.

- Valor de solidariedade e actitude de colaboración nas actividades de grupo.
- Valor de pertenza a unha comunidade.
- Actitude de participación na acción da comunidade cristiá e valor de relación con Deus que se expresa con eles.
- Os cristiás reúnen os domingos para celebrar a Eucaristía.
- Valor das festas e actitude de ledicia ao respecto.
- Valor do Nadal como experiencia relixiosa cristiá. Actitude de ledicia polo nacemento de Xesús.
- Valor cristián das celebracións da Semana Santa e Pascua.

5. NA ACTUACIÓN DOS CRENTES.

CONCEPTUAIS.

- Situacións vividas polos nenos sobre as que poden facer unha valoración da súa forma de actuar consigo mesmo e cos demais. O que cremos que é bo debe reflectirse na nosa forma de actuar.
- Narracións que axudan a valorar algúns comportamentos: perdón, importante amizade. Ensinanza de Xesús sobre o perdón e o amor ós demais.
- mandamento do amor é o máis importante para ós cristiás. Xesús é o modelo de conducta.

PROCEDEMENTAIS.

- Traballo de grupo para descubrir as posibilidades de relación cos demais.
- Comparación entre as actividades dos homes, animais e plantas.

- Valoración da propia forma de actuar e relacionarse.
- Identificación de comportamentos de solidariedade e de colaboración.

ACTITUDINAIS.

- Actitude de atención e escoita da propia interioridade. Tomar conciencia dos propios actos e avalialos.

6. NA VIDA E NA CULTURA.

CONCEPTUAIS.

- Expresións que o neno poida captar con compoñente relixioso: linguaxe, costumes, edificios públicos, arte, cultura.
- A relixión manifestase no arte, na cultura e nas costumes da súa comunidade.

PROCEDEMENTAIS.

- Observación de manifestacións culturais e artísticas de carácter relixioso que se dan na comunidade galega.
- Expresión artística do sentimento relixioso (pintura, plastilina, debuxo, música, canción).
- Contemplación de obras de carácter relixioso.

ACTITUDINAIS.

- Actitude de respecto cara todas as expresións e manifestacións relixiosas.
- A relixión como valor cultural.
- Actitude de interese cara aos símbolos relixioso.

TEMPORALIZACIÓN DE 1º E 2º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

Curso 1º E.P.

1º Trimestre.

- Todos en familia.
- ¡Tengo cosas que contarte!
- María, madre de Jesús.
- Una gran noticia.

2º Trimestre.

- Paloma de la Paz.
- Nos ayudamos.
- La alegría del perdón.
- Vive la vida.

3º Trimestre.

- El domingo, día de fiesta.
- La iglesia: nuestra casa.
- Celebramos la vida.
- Vamos de excursión

Curso 2º E.P.:

1º Trimestre.

- El libro de nuestra familia.
- Nuestro libro: la Biblia.
- ¡Nos preparamos!
- Ya está aquí. Es Navidad.

2º Trimestre.

- En marcha.
- Amigos de verdad.
- ¡Qué buen maestro!
- Vive para siempre.

3º Trimestre.

- No os dejaré solos.
- Una casa maravillosa.
- La familia de los cristianos.
- Invitados a una fiesta.

Temporalización das unidades – 1º EP

CRA Valdoviño			curso 2020/2021					
1ª AVALIACIÓN			2ª AVALIACIÓN			3ª AVALIACIÓN		
MES	SEMANA	TEMA	MES	SEMANA	TEMA	MES	SEMANA	TEMA
SETEMBRO	2	0	XANEIRO	2	5	ABRIL	3	9
	3	1		3	5		4	10
	4	1		4	5		5	10
OUTUBRO	1	1	FEBREIRO	1	6	MAIO	1	10
	2	2		2	6		2	11
	3	2		3	6		3	11
	4	2		4	7		4	11
	5	2						
NOVEMBRO	1	3	MARZO	1	7	XUÑO	1	12
	2	3		2	7		2	12
	3	3		3	8		3	12
	4	3		4	8			
DECEMBRO	1	4	ABRIL	1	9			
	2	4						
	3	4						

Temporalización das unidades – 2º EP

CRA Valdoviño			curso 2020/2021					
1ª AVALIACIÓN			2ª AVALIACIÓN			3ª AVALIACIÓN		
MES	SEMANA	TEMA	MES	SEMANA	TEMA	MES	SEMANA	TEMA
SETEMBRO	2	0	XANEIRO	2	5	ABRIL	3	9
	3	1		3	5		4	10
	4	1		4	5		5	10
OUTUBRO	1	1	FEBREIRO	1	6	MAIO	1	10
	2	2		2	6		2	11
	3	2		3	6		3	11
	4	2		4	7		4	11
	5	2						
NOVEMBRO	1	3	MARZO	1	7	XUÑO	1	12
	2	3		2	7		2	12
	3	3		3	8		3	12
	4	3		4	8			
DECEMBRO	1	4	ABRIL	1	9			
	2	4						
	3	4						

METODOLOXÍA DIDÁCTICA

O ensino da relixión debe orientarse a axudar aos alumnos a construír un pensamento fundamentado, sistemático e autocrítico a cerca dos principais conceptos, procedementos e actitudes relixiosos.

1. POSICIÓN CONSTRUCTIVISTA NO PROCESO DE ENSINO- APRENDIZAXE.

- Protagonismo do alumnado no proceso, esta participación deberá ser tanto física e psicomotora como mental.
- Elaboración do coñecemento partindo da realidade e das experiencias do neno ata chegar a elaboracións e construcións máis complexas.
- Implicación dos nenos na construción dos aprendizaxes, os diálogos, os coloquios, as dramatizacións, os debates ou as cancións, constitúen técnicas que serviran o desenrolo do principio de socialización.

2. CONTEXTUALIZACIÓN ANTROPOLÓXICA E EXPERIENCIAL.

- Pártese das experiencias e imaxes a cerca do tema obxecto de estudio. Obsérvanse, coméntanse e lévanse a cabo exercicios de comprensión e aplicación á súa propia realidade.
- Faíse unha lectura dos relatos e traballamos con eles para facilita-la asimilación e aplicación.
- Facemos unha síntese que expón o contido fundamental.

3. PRESENTACIÓN DE FEITOS E PALABRAS DE XESÚS.

- Preséntase de forma gráfica en viñetas aspectos concretos do A.T. e do N.T. Levándose a cabo a lectura e análise das viñetas e realizándose exercicios de comprensión de textos e das lecturas.
- Relaciónase a mensaxe relixioso das viñetas e as experiencias suscitadas.
- Realizamos unha síntese que propón de forma resumida o tratado.

4. AMPLIACIÓN, RELACIÓN E APLICACIÓN DE CONTIDOS.

- Exercicios de comprensión, relación ampliación e profundización.
- Expresión artística e cultural do contido relixioso.
- Síntese conclusiva para chegar a formulación de novos contidos relixiosos.

5. RECAPITULACIÓN, SÍNTESE E AVALIACIÓN.

- Comprobación do aprendido.
- Cancións que sintetizan contidos e estimulan a aprendizaxe.
- Pasatempos, propostas lúdicas que permiten manter a motivación e fomentar a creatividade.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. PRIMEIRO E SEGUNDO DE PRIMARIA

- Saber localizar e descubrir elementos da realidade relixiosa do seu entorno mediante a observación, asociación e clasificación, recoñecendo a súa función.
- Recoñecer partindo da súa experiencia que as celebracións do Nadal, Semana Santa e Pascua, así como o domingo son festas relixiosas.
- Coñecer os acontecementos que relatan os evanxeos sobre o nacemento, morte e resurrección de Xesús.
- Descubrir a importancia de Xesús e María na vida dos cristiáns e valorar a relación persoal con eles.
- Saber aplicar á propia conducta de estilo de vida de Xesús e a súa mensaxe de amor aos demais.
- Recoñecer a Igrexa como grupo de cristiáns que se reúnen entorno a Xesús.
- Valorar a importancia da Eucaristía en canto á relación da morte e resurrección de Xesús.
- Valorar a importancia do Bautismo como signo de pertenza á Igrexa.
- Mostrar a súa convicción de que todos os homes e mulleres de calquera raza ou condición somos irmáns pois todos somos fillos do mesmo pai, Deus.
- Recoñecer que a natureza da que disfrutamos é un regalo de Deus a todos os homes e mulleres do mundo e mostrarse agradecido por iso.
- Estar convencidos de que todo ser humano ten a mesma dignidade.
- Mostrar que acepta aos compañeiros, que os respecta, comparte as súas cousas e sabe ser solidario.
- Apreciar a súa capacidade de debuxar, escribir e cantar, como maneiras propias de expresar os seus sentimentos relixiosos.
- Apreciar a figura de Deus como un Pai/Nai bo/boa para todos nós.

MATERIAIS E RECURSOS

Empréganse fichas de traballo, libros de contos, Biblias infantís e outros libros de carácter relixioso adaptados á idade, posters, xogos lúdicos e educativos, materiais para facer manualidades, cd's de audicións, dvd de relatos bíblicos, vídeos de debuxos animados sobre a figura de Xesús, dvd's de historias da Biblia e xogos de ordenador e na pizarra dixital.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Non fai so referencia ás respostas e progreso dos alumnos, senón que ten que ser unha valoración de todo o proceso de aprendizaxe, polo que é necesario elaborar uns criterios que teñan que ver cos obxectivos da etapa e os alcance ao final desta.

A avaliación debe ser:

- Inicial: coñecemento da situación real da que temos que partir.
- Continua e formativa: vai permitir non so valorar os coñecementos alcanzados polos alumnos, senón tamén reaxustar ou reconducir se fose necesario o proceso de aprendizaxe.

- Sumativa: o grao no que se alcanzan os obxectivos propostos en todo o proceso educativo.

En 1º e 2º no traballo desenvolvido polos alumnos nas fichas de traballo, así como nas distintas actividades a realizar: xogos lúdicos e educativos, cancións e audicións, traballos cooperativos, vídeos, traballos manuais, lecturas, actividades no ordenador e na pizarra dixital.

Para a avaliación procederase a un seguemento continuo dos diferentes aspectos sinalados, sen esquecer a actitude do alumnado e o seu interese e esforzo.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE DE 1º E 2º

- Describe elementos plásticos relixiosos presentes na súa casa e na escola: imaxes de Xesús e de María, medallas, cadros, fotografías,...
- Observa que na natureza e nas cousas podemos descubrir a Deus.
- Descubre que Deus está cerca dos homes: é o noso Pai, creounos, somos os seus fillos. Relatos evanxeos nos que Xesús fala de Deus como Pai.
- Coñece feitos significativos da infancia de Xesús: nacemento, epifanía. Relatos sobre a paixón, morte e resurrección de Xesús. Outros personaxes do evanxeo: María, Xosé, os apóstolos e outros amigos de Xesús.
- Valora que Deus ama a todos por igual Xesús é a persoa máis importante para os cristiáns.
- Coñece narracións evanxélicas nas que se mostra que Xesús congrega en torno a si aos seus discípulos.
- Aprecia que Xesús envía o Espírito Santo. Os cristiáns reúnen en torno a Xesús para celebrar a Eucaristía. Manifestacións relixiosas achegadas o neno: domingo, festas do ano litúrxico, festas populares galegas. Experiencias relacionadas co Nadal, Semana Santa, Pascua.
- Recoñece que o Mandamento do amor é o máis importante para ós cristiáns. Xesús é o modelo de conducta.
- Sabe que a relixión manifestase no arte, na cultura e nas costumes.
- Localiza e describe elementos relixiosos e da natureza que estén no seu entorno.
- Observa expresións, frases de carácter relixioso, que estén o alcance do neno.
- Le e comenta de relatos evanxeos.
- Identifica comportamentos de solidariedade e de colaboración.
- Observa manifestacións culturais e artísticas de carácter relixioso.
- Expresa artisticamente o sentimento relixioso (pintura, plastilina, debuxo, música, canción).
- Valora a relixión como expresión de relación con Deus.
- Admiración e agradece a vida e a natureza.
- Valora a natureza como signo da presenza e acción de Deus. Actitude de agradecemento a Deus.
- Aмосa una actitude de curiosidade cara aos evanxeos e interese por coñecerlos.
- Destaca a gratitude como valor de acción humana pois manifesta e recorda a gratitude da acción divina.
- Desenvolve una actitude de atención e escoita cara o que Xesús ensina sobre Deus e sobre a relación cos demais.

- Coñece que os cristiáns reúnen os domingos para celebrar a Eucaristía.
- Aprecia o valor do Nadal como experiencia relixiosa cristiá. Actitude de ledicia polo nacemento de Xesús. Valor cristián das celebracións da Semana Santa e Pascua.
- Respecta tódalas expresións e manifestacións relixiosas.
- Recoñece a relixión como valor cultural. Actitude de interese cara aos símbolos relixiosos.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

En todos os cursos, para aqueles nenos que presenten necesidades educativas especiais, potenciarase a súa aprendizaxe con fichas de reforzo ou ampliación en cada unidade, así como as diversas actividades de carácter xeral, serán adaptadas ás súas capacidades.

ADAPTACIÓNS CURRICULARES

Participarase nunha adaptación curricular individualizada unha vez que o alumno/a xa recibira por parte da titora e do profesorado de apoio diversas e repetidas medidas de reforzo educativo e aínda así non acade os obxectivos mínimos propostos para o ciclo.

PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES

A educación en valores é básica na área de relixión, estando vinculada a ela, tanto nos obxectivos como nos contidos, buscando unha formación integral do alumnado.

PROGRAMA DE ACTIVIDADES DE REFORZO E RECUPERACIÓN DE PENDENTES

Para aqueles alumnos con problemas na súa aprendizaxe plantexaranse as actividades de reforzo de xeito individualizado, partindo dos seus coñecementos previos e respectando o ritmo de cada alumno.

Prográmase o reforzo e recuperación de pendentes, mediante a atención deste alumnado e enfocando as súas actividades cara á presentación dun dos seguintes traballos para a súa posterior avaliación: Presentación das actividades que non foran rematadas no curso anterior.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

A área de relixión participa colaborando en todas as actividades realizadas no centro e organizando algunhas en función da disponibilidad de actividades en cada curso escolar, tanto no propio centro escolar como en forma de saída.

DIRECTRICES E INSTRUMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL

Na primeira semana do curso realizaranse unha serie de probas baseadas nos obxectivos mínimos do curso anterior, para comprobar o grao de consecución das distintas competencias básicas.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A cualificación do alumnado farase tendo en conta unhas porcentaxes:

- Cumprimento dos criterios de avaliación (50%)
- O esforzo do alumnado na realización das tarefas (15%)
- Interese amosado polo alumnado nas tarefas propostas (15%)
- A participación activa nas tarefas e a actitude na clase (10%)
- A presentación das tarefas e a corrección ortográfica (10%)

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

Na clase relixión foméntase a lectura dende diversas actuacións: lecturas do libros de texto (silenciosa e individual, colectiva ou en voz alta, polo mestre en voz alta), tentando facer participar a todos na lectura. Tamén se fomenta a lectura con contos, relatos bíblicos e co libro de lectura complementario ao libro de texto. Todas estas actividades realízanse con materiais adaptados ás diversas idades.

Cun carácter máis lúdico, realízanse xogos ou dramatizacións de lecturas.

Así mesmo, a clase de relixión colabora co equipo da biblioteca en todas aquelas actividades desenvolvidas no Plan lector do centro.

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

A área de relixión emprega de xeito habitual as novas tecnoloxías da información e da comunicación, dende as tradicionais audicións de cancións, ata os programas e xogos educativos por ordenador ou na pizarra dixital, pasando polas diapositivas tradicionais, presentacións en powerpoint de diferentes temas, ou polos vídeos/dvd de temática relixiosa ou con valores cristiáns.

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

Fomentarase a resolución de conflitos e a convivencia entre o alumnado.

Potenciarase o respecto ás diferencias e garantirase a inclusión do alumnado independentemente das súas características.

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO

Participarase en todas as actividades propostas para o desenvolvemento do Proxecto Lingüístico elaborado no noso Centro.

PROCEDIMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

Esta programación pretende ser desenvolvida na súa integridade para favorecer a aprendizaxe do alumnado, non obstante debemos establecer unha normas que fixen a consecución dos obxectivos plantexados:

Grao de consecución dos obxectivos marcados.

Grao de satisfacción do alumnado coa clase.

Grao de satisfacción do profesor coa programación desenvolvida.

Unha vez feita esta análise procederáse á reelaboración da programación co fin de solventar as deficiencias atopadas no seu desenvolvemento.

CONSTANCIA DE INFORMACIÓN AO ALUMNADO

O alumnado recibe información sobre a asignatura e sobre das diversas actividades a desenvolver, da súa finalidade e intencionalidade, dando sempre a información que eles requiren sobre as mesmas.

Tamén recibe información sobre as súas cualificacións, tanto de xeito preventivo (antes de ser cualificado definitivamente) como con posterioridade.

ANEXO I - PLAN DE REFORZO

Por causa do Covid-19 e a suspensión das clases presenciais, decidiuse pola Administración a necesidade de non impartir novos contidos durante ese período de tempo. Traslándose eses contidos ao vindeiro curso (2020-21).

En función da adaptación de programación efectuada o pasado curso, impartiranse no primeiro trimestre deste curso aqueles contidos que quedaron pendentes,

2º de Primaria

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles		
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	
Valorar a importancia da Eucaristía en canto á relación da morte e resurrección de Xesús.	Aprecia que Xesús envía o Espírito Santo. Os cristiáns reúnen en torno a Xesús para celebrar a Eucaristía. Experiencias relacionadas coa Semana Santa, Pascua.	P
Saber localizar e descubrir elementos da realidade relixiosa do seu entorno mediante a observación, asociación e clasificación, recoñecendo a súa función.	Sabe que a relixión maniféstase no arte, na cultura e nas costumes.	P
Saber localizar e descubrir elementos da realidade relixiosa do seu entorno mediante a observación, asociación e clasificación, recoñecendo a súa función.	Observa manifestacións culturais e artísticas de carácter relixioso.	P

ANEXO II - MEDIDAS COVID

Na asignatura realízanse todas as medidas adoptadas no Plan COVID do centro, en todos os seus aspectos: medidas hixiénicas, limpeza de material, distancia de seguridade entre alumnado, ventilación, movementos controlados, asignación de espazos, etc.

Dada a situación especial na que nos atopamos, plantéxase a necesidade de establecer unhas canles de traballo no caso de non ser viable a educación presencial polo desenvolvemento negativo da pandemia.

Neste apartado, tanto a educación mixta como puramente non presencial, levaríase adiante coas ferramentas de que dispón no centro: comunicación Abalar móbil, páxina web, email do profesor; webex e aula virtual. Non debendo esquecer a posibilidade doutras ferramentas tecnolóxicas que podan aparecer e que favorecesen o ensino non presencial.